

Tempo de amoras

[M. A. Martínez Quintanar](#) 19/07/25

<https://www.elprogreso.es/gl/opinion/m-a-martinez/tempo-de-amoras/202507192133311896118.html>

Tras da barullada, carraxe e posverdades que definen a sociedade posmoderna, ás veces despunta, con vigor, afouteza, e algo de pudor, o real. A profesora, tradutora e escritora guitiricense Tareixa Roca (1956) vén de amosar en *Tempo de amoras* (Espiral Maior, 2025) faces do real que a nosa actualidade agocha e, con saña, pretende borrar: a intimidade das persoas, a natureza social do seu desexo, as arelas de comunicación auténtica.

Tempo de amoras é un exercicio literario de descosido do engano posmoderno e de desenfiado meticuloso das febras polas que racha. Ten forma de libro de relatos que pode ser lido como feixe de contos ou serie de capítulos sobre unha vida humana, unhas vidas humanas. Nelas, o que atinxe e toca a todas elas é real, non é unha simulación posmoderna, unha parodia literaria. Son avatares íntimos, principalmente, non unicamente, de xente nova que explora a linguaxe e os signos, navega polo propio corpo (e o dos demais), pregúntase e goza as variadas formas de relación interpersoal. Son contos, ou capítulos, escritos cunha linguaxe sinxela, directa, comprensible. Os seus referentes e preocupacións inscríbense nun espazo literario que, sen facer alardes partidarios, manifesta compromiso ético coas persoas, recupera a historia da súa intimidade e vindica a memoria persoal ceibe de resentimento, rancor e espírito de vinganza. É un espazo literario configurado como unha das formas posibles de nomear e liberar o real, que na sociedade das redes imaxinarias fica preso nas imaxes manipuladas e políticas da corrección.

A escrita de *Tempo de amoras* logra mostrar con naturalidade, sen afectación, o que en público non debe ser citado, non é correcto escribir, non debe presentarse como arte. Entre os fitos do sexo, soidade e morte, traza un espazo literario tabú para o mundo posmoderno (malia o que prediquen os medios de comunicación e as redes sociais). A súa estética nútrese dos motivos do desengano, sufrimento, suicidio, que no tempo presente son existenciais negadas (por causa da medicalización da sociedade e a omnipresenza da ideoloxía da saúde nos xornais). A súa arte circula entre tres ángulos: fascinación pola vida, ansia de comunicación co outro, recoñecemento das diversas formas de amizade (na actualidade reprimidas por unha presenza do outro afastada, espectral, aceptada só como imaxe lonxincua).

Se hai un trazo que retrata o noso contexto posmoderno é que as persoas teñen moitas dificultades para propoñer unha idea edificante (de calquera especie) e dar comezo a unha acción construtiva (do tipo que sexa). É o imperio do nada. Funciona a través do mergullo de calquera cousa no nada para, a continuación, facela pasar por algo no mercado global dos simulacros. É o nihilismo que afecta dun modo gravoso os campos social, ético-político e cultural.

O seu eixo de acción é a impostura: facer desaparecer das ideas o perfil crítico e emancipador para envorcar a súa forza en establecer prohibicións (sociais, políticas) e exclusións (culturais). Deste modo, a posmodernidade é o sistema de crenzas acaído á dominación global das mercadorías e o seu fetichismo, isto é, o dominio do que non é real mais aparenta sê-lo. Nada disto afecta aos relatos de Tareixa Roca. Ela non escribe para destruír 'algo' e conservar 'nada'. A súa escrita ten outra textura: transmite unha mensaxe ética (non só unha bela forma estética), fainos partícipes da atracción do real (non da 'realidade', senón do que na realidade é difícil ou case imposible de ver, pensar, lembrar). Por exemplo, un dos posibles efectos da lectura calmada dalgúns dos seus relatos é salvarnos da derruba de nós (causada polas varias roturas do tempo biográfico de cadaquén).

Tempo de amoras é tempo do desexo social e no social, dun si propio liberado de dogmas e prexuízos na acollida do outro por medio da hospitalidade física, tamén sexual. *Tempo de amoras* é social: saberse seres rotos que procuran unidade soberana co outro, cos demais, na conversa, no diálogo, tamén co tacto, no recoñecemento como pares. É tempo político: o outro non é só medio para unha alianza de intereses contra o destrutivo (ou non só), senón un común, quen fai comunidade coa finalidade de lograr bens construtivos, xustiza cos pares, esperanza doutro mundo. Tamén é tempo ético: autocoñecemento logrado para unha acción feliz; acción alegre que produce autocoñecemento gozoso. *Tempo de amoras* é o contrapunto artístico que calquera sociedade de persoas autónomas e soberanas ten na man facer posible sen temor nin tremor. A intimidade liberada grazas á escrita comprometida e gallarda.